

[70]

As almas escravas,  
d'ideas non grandes,  
van pensando mil cousas femíneas,  
molentes e infames;

mil soños forjando 5  
qu'ó ánimo agobian,  
arrastrando infamantes cadeas,  
cal brandos ilotas:

espíritos brandos, 10  
esp'ritos muliebres,  
sedentarios, que lenta consome  
e mórbida frebe.

Mais a alma do bardo, 15  
enérgica, ousada,  
qu'audaz liberdade  
tan soo soña e ama,  
¡vai pensando en propósitos férreos  
qu'ergueran a pátria!

2: de ideas *AG, AB, AM, AR, XS, VL, MF* - 5: forxando *AB, AM, AR, XS, VL, MF* - 6: q'ó *P, EP*, que o *AG, AB, AM, AR, XS, VL, MF* - 9: espíritos *AM* - 10: espíritos *P, EP, AB, AM, AR, XS, VL, MF* - 14: enérgica *AB, AM, AR, XS, VL, MF* - 15: qu'audaz *P, EP*, que audaz *AG, AB, AM, AR, XS, VL, MF*; liberdade *MF* - 16: só *AR, MF* - 18: q'ergueran *P, AG, EP, AR*, que ergueran *AB, AM, XS, VL, MF*.

[78]

A lingua tiveran  
por lingua d'escravos;  
esqueceran os patrios acentos,  
suidosos é brandos.

Dos propios acentos 5  
tiveran vergonza;  
de cautivos falaran palabras,  
de servos e ilotas.

Deixaran os doces 10  
acentos jocundos  
por estrañas palabras de servos,  
ignaros e escuros.

A nai, afrigida 15  
da escura miseria,  
os propios tomara  
por gente estrangeira,  
e espantada escuitara dos fillos  
a plática serva.

1: língoa *IF* - 2: língoa *IF*; de escravos *AG, AB, MD; AR, XS, VL, MF* - 6: vergoña *MF* - 9: deixarán *SNP* - 10: xocundos *IF, AB, AR, XS, VL, MF* - 11: estrañas *XS, MF* - 12: i-escuros *IF* - 13: afrigida *IF, AB, AR, XS, VL*, afligida *MD*, aflixida *MF* - 15: ós *AB, XS, MF* - 16: xente *IF, AB, AR, XS, VL, MF*; estranxeira *IF, AB, AR, VL*, extranxeira *XS, MF*.